

I. FASE DE CONCURSO: consistirá na valoración ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición, dos seguintes méritos referidos á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Puntuación da fase de concurso: máximo 40 puntos

Valoraranse os servizos prestados da seguinte forma:

- Na escala auxiliar na UVIGO: 0,25 puntos por mes.
- En corpos ou escalas doutras universidades públicas galegas que teñan atribuídas as mesmas funcións que as da escala auxiliar da UVIGO: 0,080 puntos por mes.
- En corpos ou escalas doutras administracións públicas que teñan atribuídas as mesmas funcións que as da escala auxiliar da UVIGO: 0,060 puntos por mes.

II. FASE DE OPOSICIÓN: consistirá na realización dos exercicios que a continuación se indican, todos eles terán carácter obrigatorio e eliminatorio, agás as exencións previstas na descrición do primeiro exercicio.

Primeiro exercicio: Galego

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acreditasen documentalmente xunto coa solicitude estar en posesión do certificado Celga 4 ou do certificado de aptitude do curso de perfeccionamento de lingua galega ou certificado de validación das materias de lingua galega, de acordo co previsto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega.

Este exercicio terá a seguinte estrutura:

Primeira proba. Comprensión escrita ou comprensión oral + expresión escrita.

As persoas aspirantes deberán redactar un texto seguindo unhas indicacións que se lles facilitarán por escrito. A elaboración do texto deberá basearse na comprensión dun texto escrito ou na comprensión dun fragmento de audio ou audio-vídeo.

A duración máxima desta proba será de 90 minutos.

Segunda proba. Comprensión escrita ou comprensión auditiva + expresión oral.

As persoas aspirantes deberán ler un texto ou escoitar un fragmento de audio ou audiovídeo, e a seguir, nunha entrevista co/a examinador/a, pediráselles que resuman o *input* e que manteñan un diálogo ao respecto do *input* recibido, de modo que poida ser avaliada a súa produción oral.

A duración máxima desta proba será de quince minutos por persoa aspirante.

Para superar este exercicio será necesario acadar o resultado de apto.

Criterios xerais de puntuación das seguintes probas

Cada resposta errónea penalizarase con un cuarto de resposta correcta, de xeito que, a efectos de obter a cualificación no primeiro exercicio, o número de acertos virá dado pola aplicación da seguinte fórmula:

$$AN = A - (F \times 0,25)$$

sendo AN o número de acertos a considerar a efectos do cómputo da cualificación, A o número de acertos obtidos no exercicio e F o número de erros obtidos no exercicio. As preguntas non contestadas non se terán en conta para estes efectos.

As preguntas adicionais de reserva substituirán, se fose o caso, ás anuladas pola súa orde.

Segundo exercicio: Terá carácter eliminatorio e consistirá en contestar un cuestionario de 100 preguntas e de 5 de reserva, con catro respostas alternativas, da que só unha será correcta, baseado no contido dos Bloques I “Normativa xeral” e II “Normativa Universitaria”, do programa que figura como Anexo II desta convocatoria. Cualificarase de cero a 40 puntos. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 120 minutos e será necesario para superalo obter un mínimo de 20 puntos,.

Terceiro exercicio: consistirá na realización dun suposto práctico elixido ao chou entre dous propostos polo tribunal correspondentes aos temas do Bloque II e que pode facer referencia á lexislación dos puntos 6, 7 e 8 do Bloque I.

O suposto estará desagregado en 50 preguntas tipo test e de 5 de reserva, con catro respostas alternativas das que só unha será a correcta.

O tempo máximo de duración será de 90 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 40 puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de 20 puntos.

Cuarto exercicio: Informática

Terá carácter eliminatorio e consistirá en contestar a un cuestionario 20 preguntas e de 3 de reserva, con 4 respostas alternativas, das que só unha será correcta. O exercicio versará sobre un caso práctico proposto polo Tribunal referido ó seguinte temario:

1. Word 2010.
2. Excel 2010.

As persoas aspirantes disporán dun ordenador onde terán que realizar as accións necesarias para contestar ás preguntas do cuestionario, tendo que consignar as respostas na folla de respostas que a tal efecto lles proporcione o Tribunal. O exercicio cualificarase de cero a vinte, e será necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos, sendo o tempo máximo para a súa realización que determine o Tribunal e publicarase coa convocatoria desta proba.

Antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobados e publicados os criterios de avaliación e corrección.

As preguntas adicionais de reserva substituirán, se fose o caso, ás anuladas pola súa orde.

TEMARIO

Bloque I: Xeral

1. **Constitución Española. BOE núm. 311, de 29/12/1978.** Título preliminar. Título I: dos dereitos e deberes fundamentais. Título III “Das Cortes Xerais”. Capítulo II: Elaboración das Leis: do Art. 81 ó 92. Título IV “Do Goberno e da Administración: Art. 103, 105 e 106. Título VII: Economía e Facenda: Art. 134 e 135.

2. **Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de autonomía de Galicia.** Título preliminar: do Art. 1 ó 8. Título I: Do poder galego: Art. 9. Título III: Da Administración pública galega: do Art. 39 ó 41.

3. **Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais:** Art. 14. Dereito a protección fronte os riscos laborais; Art. 15. Principios da acción preventiva; Art. 29. Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos. **Real Decreto 665/1997, de 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.** Capítulo II. Obrigacións do empresario: Art. 3. Art. 4. Art. 5. Art. 6: (Apartado 2 modificado polo Real Decreto 1154/2020, de 22 de decembro). Art. 11. Información e formación dos traballadores.

4. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: Título II. As condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega: Capítulo I. O acceso ao emprego público galego: do Art. 46 ó 51. Capítulo II: A igualdade retributiva no emprego público: do Art. 52 ó 53. Título IV: Apoio á conciliación e á corresponsabilidade. Capítulo II: Medidas de conciliación e corresponsabilidade no emprego público: Art. 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94 e 94 bis.

5. A Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais: Título III. Dereitos das persoas: Capítulo I. Transparencia e información: Art. 11. Transparencia e información ao afectado. Capítulo II. Exercicio dos dereitos: do Art. 12 ó 18. Disposición adicional primeira: Medidas de seguranza no ámbito do sector público. Disposición adicional segunda: Protección de datos e transparencia e acceso á información pública. Disposición adicional terceira: Cómputo de prazos. Disposición adicional sétima: Identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos.

6. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: Título I. Obxecto, principios e ámbito de aplicación: do Art. 1 ó 9. Título II: Órganos administrativos competentes en materia de persoal. Capítulo II. Entidades locais e universidades públicas galegas: Art. 19. Título III. Clases de persoal. Capítulo I: do Art. 20 ó 3). Capítulo II: Persoal directivo: do Art. 33 ó 36. Título IV. Capítulo I. Estrutura do emprego público: Art. 37, 38, 39 e 40. Capítulo II. Planificación do emprego público: Art. 45, 47 e 48. Título V. Adquisición e perda da relación de servizo. Capítulo I. Selección dos empregados públicos: Art. 49, 50, 51, 52, 53 e 54). Título VI. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Capítulo I. Disposicións xerais: do Art. 71 ó 73. Capítulo II: Promoción profesional e avaliación do desempeño: Art. 75, 77, 78, 79, 80, 81 e 82). Capítulo III. Mobilidade do persoal funcionario: Art. 88, 89, 90, 91 e 92. Título VIII. Situacións administrativas. Capítulo I: Art. 164. Capítulo II: Art. 166.

7. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: Título Preliminar. Disposicións xerais: Art. 1 e 2. Título I: Dos interesados no procedemento. Capítulo I. A capacidade de obrar e o concepto de interesado: Art. 3, 4, 5, 7 e 8). Capítulo II. Identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo: Art. 9, 10 e 11. Título II. Da actividade das administracións públicas. Capítulo I. Normas xerais de actuación: Art. 13, 14, 15, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 27 e 28. Capítulo II. Termos e prazos: do Art. 29 ó 33. Título III. Dos actos administrativos. Capítulo I. Requisitos dos actos administrativos: Art. 34, 35 e 36. Capítulo II: Eficacia dos actos: Art. 39, 40, 44 e 45 (Acordo do 15/06/21). Capítulo III. Nulidade e anulabilidade: Art. 47, 48 e 52). Título IV. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común. Capítulo I. Garantías do procedemento: Art. 53. Capítulo II. Iniciación do procedemento: Art. 54, 55, 56, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65 e 66. Capítulo III. Ordenación do procedemento: Art. 70, 71, 72, 73, e 74. Capítulo IV. Instrución do procedemento: Art. 75, 76, 77, 78, 79, 80, 82 e 83. Capítulo V. Finalización do procedemento: Art. 84, 85, 86, 88, 89, 93, 94 e 95. Capítulo VII. Execución: Art. 97 e 98. Título V. Da revisión dos actos en vía administrativa. Capítulo I. Revisión de oficio: Art. 106, 107, 108, 109 e 110. Capítulo II. Recursos administrativos: do Art. 112 ó 126.

8. A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: Título Preliminar. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público. Capítulo I. Disposicións xerais: do Art. 1 ó 4. Capítulo II. Dos órganos das administracións públicas: Sección 1ª Dos órganos administrativos: Art. 5, 6 e 7. Sección 2ª. Competencia: Art. 8, 9, 10, 11, 12 e 13. Sección 4ª. Abstención e recusación: Art. 23. Capítulo III. Principios da potestade sancionadora: do Art. 25 ó 31. Título III. Relaciones interadministrativas. Capítulo I. Principios xerais das relacións interadministrativas. Art. 140. Capítulo II. Deber de colaboración. Art. 141

9. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. Título Preliminar: Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación da Lei: Art. 1, 2 e 3. Capítulo II. Contratos do sector público: Art. 12, 13, 14, 15, 16, 17 e 18. **Libro Primeiro.** Título I. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público. Capítulo I: Racionalidade e consistencia da contratación do sector público: Art. 28 e 29. Capítulo IV: Réxime de invalidez: Art. 38, 39, 40, 41 e 42. Capítulo V. Do recurso especial: Art. 48. Título IV. Garantías exixibles na contratación do sector público. Capítulo I. Garantías exixibles nos contratos celebrados coas Administracións Públicas. Sección 1.^a Garantía provisional. Art. 106. Exixencia e réxime da garantía provisional. Sección 2.^a Garantía definitiva. Art. 107. Exixencia da garantía definitiva. Art. 108. Garantías definitivas admisibles. **Libro Segundo.** Dos contratos das administracións públicas. Capítulo I. Das actuacións relativas á contratación das Administracións Públicas. Subsección 1.^a Expediente de contratación: Art. 116, 117, 118, 119, 120, 131, 132 e 133.

Bloque II: Universidade

1. A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades: Título Preliminar: Art. 1. Funcións da Universidade. Art. 2. Autonomía universitaria. Título I: Art. 4. Creación e recoñecemento. Art. 6. Réxime xurídico. Título IV: Art. 27 bis . Conferencia Xeral de Política Universitaria. Art. 28. Consello de Universidades. Art. 29. Composición do Consello de Universidades. Título V: Art. 31. Garantía da calidade. Art. 32. Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación. Título VI: Art. 34. Títulos universitarios. Art. 35. Títulos oficiais. Art. 36. Validación ou adaptación de estudos, validación de experiencia, equivalencia de títulos e homologación de títulos estranxeiros. Título IX : Art. 56. Corpos docentes universitarios. Art. 57. Acreditación nacional. Art. 62. Concursos para o acceso a prazas dos corpos docentes universitarios. Art. 63. Mobilidade do profesorado. Art. 67. Reingreso de excedentes ó servizo activo. Art. 68. Réxime de dedicación. Título X: Art. 73. O persoal de administración e servizos. Art. 74. Retribucións. Art. 76. Provisión das prazas. Art. 76 bis. Formación e mobilidade. Título XI: Art. 79. Autonomía económica e financeira. Art. 81. Programación e presuposto. Art. 82. Desenvolvemento e execución dos presupostos. Art. 83. Colaboración con outras entidades ou persoas físicas. Art. 84. Creación de fundacións e outras persoas xurídicas.

2. Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais: Art. 3. Ensinanzas universitarias e expedición de títulos. Art. 4. Efectos dos títulos universitarios. Art. 5. Sistema europeo de créditos e cualificacións das ensinanzas universitarias. Art. 6. Recoñecemento e transferencia de créditos. Capítulo II: Art. 9. Ensinanzas de Grao. Art. 10. Ensinanzas de Mestrado. Art. 11. Ensinanzas de Doutoramento. Capítulo III: Art. 12. Directrices para o deseño de títulos de Graduado. Art. 13. Recoñecemento de Créditos nas ensinanzas de Grao. Capítulo IV: Art. 15. Directrices para o deseño de títulos de Mestrado Universitario. Disposición adicional cuarta. Efecto dos títulos universitarios oficiais correspondentes á anterior ordenación.

3. Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao. Capítulo I. Disposicións xerais : Art. 2. Definicións. Capítulo II. Acceso aos estudos universitarios oficiais de grao: Art. 3. Acceso aos estudos universitarios oficiais de grao. Capítulo III. Admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao: Art. 5. Principios xerais de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao. Art. 9. Formas de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao. Capítulo IV. Procedementos específicos de acceso e admisión: Art. 11. Acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para maiores de 25 anos. Art. 12. Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos. Art. 16. Acceso mediante acreditación de experiencia laboral ou profesional. Art. 17. Acceso para maiores de 45 anos. Art. 21. Persoas que presentan algún tipo de discapacidade. Capítulo V. Criterios específicos para a adxudicación de prazas polas universidades públicas: Art. 22. Establecemento polas universidades públicas da orde de prelación. Art. 23. Porcentaxes de reserva de prazas. Art. 24. Prazas reservadas para maiores de 25 anos.

Art. 25. Prazas reservadas para maiores de 45 anos e para maiores de 40 anos que acrediten experiencia laboral ou profesional. Art. 26. Prazas reservadas a estudantes con discapacidade. Art. 27. Prazas reservadas a deportistas de alto nivel e de alto rendemento. Art. 28. Prazas reservadas a estudantes con titulación universitaria ou equivalente.

4. Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional: Art. 1. Obxecto. Art. 2. Ámbito de aplicación. Art. 3. Concepto de crédito. Art. 4. Asignación de créditos. Art. 5. Sistema de cualificacións.

5. Resolución do 21 de xuño de 2017 pola que se ordena a publicación da normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de máster na Universidade de Vigo (DOG de 30/06/2017). Art. do 1 ó 11.

6. Regulamento dos Estudos Oficiais de Posgrao.

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/344>

Título I. Dos Estudos Oficiais de Posgrao: Art. 1. Definición dos programas oficiais de posgrao; Art. 2. Planificación das ensinanzas e Art. 3. Prácticas externas. Título II. Proposta e aprobación de programas de posgrao: Art. 6. Presentación e tramitación das propostas. Art. 7. Oferta de POP. Art. 8. Límite de prazas. Título III. Acceso ós POP: Art. 9. Admisión/acceso. Art. 10. Requisitos de acceso aos estudos de doutoramento. Título V. Das Titulacións compartidas: Art. 15. Titulacións compartidas. Título VIII. Comisión de Estudos de Posgrao: Art. 22. Comisión de Estudos de Posgrao. Art. 23. Funcións da Comisión de Estudos de Posgrao. Título IX. Títulos: Art. 24. Expedición de títulos. **Normativa para a realización do traballo fin de Master.** Art. 3. Da definición do traballo fin de máster. Art. 4. Da matrícula do traballo de fin de máster. Art. 5. Da titorización do traballo de fin de máster. Art. 7. Da presentación e defensa do traballo de fin de máster. Art. 9. Dos traballos de fin de máster realizados noutra universidade.

7. Regulamento dos estudos de doutoramento da Universidade de Vigo. Aprobado no consello de goberno do 20/07/2012 e modificado tras os acordos dos consellos de goberno do 06/06/2014 e do 07/02/2017 (Versión aprobada polo Comité de Dirección o 17/12/2019 e aprobado polo Consello de Goberno o 27/02/2020).

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/368>

Capítulo preliminar. Principios xerais. Art. 1 e 2. Capítulo 1. Estudos de doutoramento. Art. 3. Capítulo 2. Organización dos estudos de doutoramento. Art. 4. Capítulo 4. Novas propostas de programas de doutoramento e modificación das existente. Art. 11. Art. 12. Art. 13. Art. 14. Capítulo 5. Acceso e admisión en estudos de doutoramento. Art. 16 ao 20. Capítulo 6. Matrícula en estudos de doutoramento. Art. 21. Art. 23. Art.24 Capítulo 7. Duración dos estudos de doutoramento. Art. 25. Art. 26. Capítulo 9. Tese de doutoramento. Art. 34 ao 40. Capítulo 11. Premio extraordinario de doutoramento. Art. 45. Capítulo 12. Expedición de títulos. Art. 46.

8. Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación: Título II: Art. 12. Ámbito de aplicación. Art. 13. Persoal investigador. Art. 16. Criterios de selección do persoal investigador. Art. 20. Modalidades contractuais. Capítulo III: Art. 31. Acceso ós corpos docentes universitarios das Universidades públicas. Art. 32. Dedicación do persoal docente e investigador. **Regulamento do persoal visitante investigador da Universidade de Vigo** (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/413>): Art. 2. Definición do persoal investigador visitante e do alcance da súa condición. Art. 3. Requisitos do persoal visitante e do alcance da estadía.

9. Relacións laborais na Universidade e Vigo: Convenio Colectivo do PDI-Laboral das Universidades Galegas: (Resolución do 23 de marzo de 2011 da Dirección Xeral de Relacións Laborais, DOG de 14 de abril de 2011): Art. 4. Ámbito persoal e material. Art. 11. Funcións do PDI e lugar de prestación do traballo. Art. 13. Axudante. Art. 14.-Profesor axudante doutor. Art. 15. Profesor colaborador. Art. 16. Profesor contratado doutor. Art. 17. Profesor asociado. Art. 18. Profesor visitante. Art. 19. Profesor emérito. Art. 20. Profesor contratado interino de Substitución. Art. 21. Lector. Art. 22. Outras modalidades e figuras. Título VI: Art. 26. Procedemento de selección e tribunais. Título IX: Art. 35. Carreira académica.

10. Estatutos da Universidade de Vigo: Decreto 13/2019 , do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo: Título preliminar. Disposicións xerais: Art. 1. Natureza. Art. 2. Fins. Art. 3. Competencias. Título I. Estrutura, goberno e administración da universidade. Capítulo I. Aspectos xerais: Art. 7. Órganos colexiados. Art. 8. Órganos unipersoais por elección. Art. 9. Condicións xerais para desempeñar funcións en órganos unipersoais. Art. 10. Causas de cesamento no cargo en órganos unipersoais. Capítulo II: Sección 1ª. Claustro. Art. 11. Definición. Art. 12. Composición. Art. 13. Funcións. Sección 2ª. Consello de Goberno. Art. 14. Definición. Art. 15. Composición. Art. 16. Funcións. Sección 3ª. Consello Social. Art. 17. Definición. Art. 18. Composición. Art. 19. Funcións. Sección 4ª. Consellos de Campus. Art. 20. Definición; Art. 20. Composición. Art. 22. Competencias. Sección 6ª. Reitora ou reitor: Art. 27. Definición. Art. 28. Elección, nomeamento e suplencia. Art. 29. Competencias. Sección 7ª. Vicerreitores ou vicerreitoras. Art. 31. Vicerreitores ou vicerreitoras. Sección 8ª. Secretaria ou secretario xeral: Art. 32. Secretaria ou secretario xeral. Sección 9ª. Xerencia: Art. 33. Xerencia. Art. 34. Competencias. Capítulo III. Centros e unidades de docencia. Sección 1ª Facultades e escolas. Art. 35. Definición. Art. 36. Creación, modificación e supresión. Art. 37. Funcións. Art. 41. Decana ou decano e directora ou director. Sección 2ª. Departamentos: Art. 44. Concepto e funcións. Art. 45. Constitución, fusión, escisión, extinción e coordinación. Capítulo IV. Centros e unidades de I+D+i: Art. 48. Escolas de doutoramento. Art. 49. Institutos universitarios de investigación. Art. 50. Outros centros e unidades de I+D+i. Título II. Comunidade universitaria. Capítulo I. Disposicións xerais. Sección 1ª. Membros, dereitos e deberes. Art. 51. Integrantes; Art. 52. Dereitos; Art. 53. Deberes. Sección 3ª Réxime disciplinario. Art. 56. Réxime xurídico e competencia. Sección 4ª. Valedora ou Valedor Universitario: Art. 58. Disposicións xerais. Art. 59. Elección e cesamento. Art. 60. Réxime de funcionamento. Capítulo III. Persoal docente e investigador (PDI): Art. 75. Integrantes e selección. Art. 76. Capacidade docente e investigadora. Capítulo IV: Art. 90. Natureza. Capítulo IV. Persoal de administración e servizos. Sección 1ª. Art. 90. Natureza. Art. 91. Planificación e ordenación dos postos de traballo; Art. 92. Selección e provisión. Art. 93. Promoción interna. Sección 2ª Dereitos e deberes. Art. 95. Dereitos. Art. 96. Deberes.

11. Dos Consellos Sociais: Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia Título IV Dos consellos sociais das universidades públicas Capítulo I Natureza e funcións: Art. 74. Natureza do consello social. Art. 75. Funcións do consello social. Art. 76 Relacións de cooperación. Capítulo III. Art. 84. Acordos do consello social.

12. Orzamento: Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo: Capítulo II. Órganos xerais de goberno e de representación. Sección 2ª. Consello de Goberno: Art. 16.K. Título IV. Réxime económico e financeiro da universidade: Art. 107. Autonomía económica e financeira. Art. 109. Administración e disposición de bens. Art. 110. Tipos de recursos. Art. 112. Orzamento. Art. 113. Control interno. Art. 114 Contratación.

13. A calidade na universidade española: as axencias nacional e autonómica que garanten a calidade. Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa. Capítulo I: Art. 7. Modificación do Art. 32 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades. Art. 8. Creación do organismo público ANECA

14. Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia. Título preliminar. Disposicións xerais Art. 1. Obxecto. Art. 2. Obxectivos e fins do Sistema universitario de Galicia. Título I. Da ordenación do Sistema universitario de Galicia. Capítulo I. Aspectos xerais: Art. 4. Réxime xurídico e principios de organización e actuación. Art. 5. Estrutura das universidades. Art. 6. Creación de persoas xurídicas. Art. 7. Equilibrio territorial e campus universitarios. Art. 8. Criterios sobre a implantación de titulacións e centros. Art. 8. Criterios sobre a implantación de titulacións e centros. Título III. Capítulo II: Calidade do Sistema Universitario de Galicia. Art. 69. Natureza e fins. Art. 70. Estrutura orgánica.

15. Regulamento do Rexistro Electrónico da Universidade de Vigo. ([https://secretaria.uvigo.gal\(uv/web/normativa/public/show/467\)](https://secretaria.uvigo.gal(uv/web/normativa/public/show/467))): Art. 1. Obxecto e ámbito de aplicación. Art. 2. Dirección do Rexistro Electrónico. Art. 4. Regras xerais de presentación de documentación. Art. 5. Procedemento de acceso ao Rexistro Electrónico. Art. 11. Documentos aceptados no Rexistro Electrónico. Art. 13. Presentación de documentación adicional. Presentación irregular. Art. 14. Recibo acreditativo da presentación válida de documentación. Art. 16. Ampliación de prazos por interrupción do servizo debida a incidencias técnicas.

16. Regulamento da Sede electrónica da Universidade de Vigo. Resolución do 2 de maio de 2019. DOG do 13 de maio de 2019. Título II: A sede electrónica. Art. 2. Concepto e funcións da Sede Electrónica. Art. 5. Contidos da Sede Electrónica. Título III. A identificación e a autenticación electrónicas. Art. 6. Identificación electrónica. Art. 7. Sinatura electrónica. Art. 8. Selo electrónico. Art. 9. Perfil do contratante. Art. 10. Representación.

17. Real decreto 1312/2007, de 5 de outubro, polo que se establecela acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios. Capítulo I. Disposicións xerais. Art. 1. Obxecto. Art. 2. Réxime xurídico. Art. 3. Finalidade da acreditación nacional. Capítulo II Comisións de acreditación. Art. 4. Comisións de acreditación. Art. 5. Composición das comisións. Art. 6. Criterios para a designación dos membros das comisións. Art. 7. A presidencia da Comisión. Art. 9. Publicidade. Art. 10. Aceptación, renuncia, abstención e recusación. Art. 11. Constitución e funcionamento das comisións de acreditación. Capítulo III. Requisitos para a acreditación. Art. 12. Acreditación para o acceso ao Corpo de Profesores Titulares de Universidade. Art. 13. Acreditación para o acceso ao Corpo de Catedráticos de Universidade. Capítulo IV. Procedemento. Art. 14. Solicitudes. Art. 15. Tramitación. Art. 16. Reclamacións.